Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 19 DE FEBREIRO DE 2024 LUNES, 19 DE FEBRERO DE 2024 | BOP NÚMERO 35

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Nomeamento de funcionarias de carreira do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal de tres prazas de conserxe e aprobación da listaxe de reserva para nomeamentos

ANUNCIO:

Nomeamento de funcionarias de carreira do proceso selectivo de consolidación e estabilización de emprego temporal de tres prazas de conserxe, dúas prazas quenda libre e una praza de reserva para persoas con discapacidade, e aprobación da listaxe de reserva para posibles nomeamentos (AP).

Por resolución da concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior núm. 243 do 12 de febreiro do 2024, resolveuse o seguinte que en extracto di:

"**Primeiro.-** Nomear a dona Ana Isabel Calvete Iglesias, con documento nacional de identidade núm. ***9317** , funcionaria de carreira da praza de conserxe, Grupo AP, cuota de reserva, código RPT AL.3.5.04.

O gasto efectuaráse con cargo ás partidas 920.12005, 920.12100 , 920.12101 e a Seguridade Social con cargo á partida 920.16000.

Segundo.- Nomear a dona Vanesa Añón Álvarez con documento nacional de identidade núm. ***1777**, funcionaria de carreira da praza de conserxe, Grupo AP, código RPT CE.2.5.03.

O gasto efectuaráse con cargo ás partidas 320.12005, 320.12100, 320.12101 e a Seguridade Social con cargo á partida 320.16000.

Terceiro.- Nomear a dona Ana Belén Rozas Vega, con documento nacional de identidade núm. ***1992** , funcionaria de carreira da praza de conserxe, Grupo AP, código RPT CE.1.5.01.

O gasto efectuaráse con cargo ás partidas 3341.12005, 3341.12100, 3341.12101 e a Seguridade Social con cargo á partida 3341.16000

Cuarto.- A creación dunha listaxe de reserva para posibles nomeamentos, cos aspirantes admitidos e pola orde de puntuación acadada no proceso de selección, para os efectos previstos na base 14ª das bases xerais e na base 11ª das específicas, que rexen o proceso de selección de conserxe.

Detectado de oficio un erro de transcrición na orde da listaxe de valoracións, procédese a elaborar unha nova proposta de listaxe de valoracións, de acordo ca base novena das específicas, onde dí:

(.../...)

"De persistir o empate, este liquidarase por orde alfabética do primeiro apelido dos aspirantes empatados, de conformidade coa letra que se determine no sorteo público anual realizado pola Secretaría de Estado para a Administración Pública a que se refire o artigo 17 do RGI, que se publicará no "Boletín Oficial do Estado" correspondente ao ano de execución do proceso selectivo."

Segundo o Boletín Oficial do Estado (BOE) núm. 114 de 13 de mayo de 2022 a orde de actuación dos aspirantes en todas as probas selectivas que se convoquen desde o día seguinte á publicación desta Resolución, ata a publicación do resultado do sorteo correspondente ao ano 2023, iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "U", atendendo, para estes efectos, á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos. No caso de que non exista ningún aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra "U", a orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "V", e así sucesivamente.

Polo tanto, segundo o resultado de dito sorteo a orde de actuación dos aspirantes en todas as probas selectivas que se convoquen dende o día seguinte á publicación desta Resolución, **ata a publicación do resultado do sorteo correspondente ao ano 2023**, iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra "U", atendendo, para estes efectos, á ordenación alfabética resultante da listaxe de aspirantes admitidos.

Número de anuncio 2024/1044

A vista do parágrafo anterior elabórase a listaxe para posibles nomeamentos de conserxe, cos aspirantes admitidos/as e pola orde de puntuación acadada no proceso de selección:

Nº de orde	DNI	Apelidos e nome	Experiencia	Formación	TOTAL
1	***8137**	Cacheiro Fernández, Teresa	79,900	10,00	**89,90**
2	***6888**	Pérez García, María Encarnación	29,96	10,00	**39,96**
3	***9616**	Blanco Barral, José Manuel	7,62	10,00	**17,62**
4	***5888**	Rey Barral, José Luis	2,64	10,00	**12,64**
5	***1209**	González Álvarez, Ana María	0,88	10,00	**10,88**
6	***9219**	Viso Angeriz, María Dosinda	0,00	10,00	**10,00**
7	***9515**	Blanco Roo, Alba	0,00	10,00	**10,00**
8	***5693**	Cornado Rodríguez, lucia	0,00	10,00	**10,00**
9	***2279**	Felipe Pérez, José Carlos	0,00	10,00	**10,00**
10	***6864**	Ferreño Gómez, María Carmen	0,00	10,00	**10,00**
11	***9071**	Regueiro Rodríguez, María Helena	0,00	10,00	**10,00**
12	***6958**	Torres Losada, Iago	0,00	10,00	**10,00**
13	***7372**	Álvarez Lois, Patricia	0,00	1,00	**1,00**
14	***2650**	Martínez Ferreño, Anxo	0,00	0,00	**0,00**

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, do 01 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses."

Culleredo, 12 de febreiro de 2024

A concelleira delegada de Cohesión Social, Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

P.D. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)

2024/1044

Número de anuncio 2024/1044